Introdución aos Sistemas Operativos

Sumario

Concepto de Sistema Operativo

Unha computadora moderna é un sistema complexo que consta de un ou mais procesadores, memoria principal, discos duros, impresoras, teclado, rato, pantalla, interface de rede e outros dispositivos de entrada/saída. Se os programadores de aplicacións tiveran que comprender o funcionamento de todos estes compoñentes, non escribirían código algún.

> "Por este motivo, as computadoras están equipadas cunha capa de *software* chamada **Sistema Operativo**, que ten como misión proporcionar aos programas de usuario un modelo de computadora mellor, mais simple e limpo, así como encargarse da administración de todos os recursos antes mencionados."

Cando un usuario interactúa cun Sistema Operativo como Windows, Linux, FreeBSD ou Mac OS X, faino cun programa que se denomina **shell**, cando está baseado en texto, e **GUI (*Graphical User Interface*, Interface Gráfica de Usuario)** cando utiliza elementos gráficos.



Na seguinte imaxe aparece un esquema xeral dos compoñentes principais dunha computadora e o seu *software*, nela podemos ver que a ubicación do Sistema Operativo no conxunto fai que este se execute directamente sobre o *hardware* e proporciona a base para as demais aplicacións *software*.

A maioría das computadoras teñen dous modos de operación: **modo kernel** e **modo usuario**.

- O Sistema Operativo é a peza fundamental do *software* e se executa en **modo kernel** (ou **modo supervisor**). Neste modo, o Sistema Operativo ten acceso completo a todo o *hardware* e pode executar calquera instrución que a máquina sexa capaz.
- O resto do *software* se executa en **modo usuario**, no que só un subconxunto de instrucións máquina están permitidas. En particular, as que afectan ao control da máquina ou as que se encargan da E/S están prohibidas para os programas que se executan neste modo.

Os Sistemas Operativos difieren dos programas de usuario en varias cuestións ademais do lugar onde residen. En particular, son "enormes", complexos e teñen unha vida útil moi longa. O código fonte dun SO como Linux ou Windows contén cerca de cinco millóns de liñas de código (só o kernel), polo que non é moi normal que cambien "a miúdo".

Funcións do Sistema Operativo

Un Sistema Operativo (SO) é un programa que ten encomendadas unha serie de funcións diferentes cuxo obxectivo é simplificar o manexo e a utilización da computadora, facéndoo seguro e eficiente.

Históricamente fóronse completando as misións encomendadas ao SO, polo que os produtos comerciais actuais inclúen unha grande cantidade de funcións, como son as interfaces gráficas, protocolos de comunicación, etc.

As funcións clásicas do sistema operativo pódense agrupar nas tres categorías seguintes:

- Xestión dos recursos da computadora.
- Execución de servizos para os programas - máquina estendida
- Execución dos mandatos dos usuarios - interface de usuario



Tal e como pode verse na Figura, o SO está formado conceptualmente por tres capas principais:

- **A capa mais próxima ao *hardware* denomínase núcleo (*kernel*)** e é a que xestiona os recursos *hardware* do sistema e a que subministra a funcionalidade básica do SO. **Esta capa execútase a nivel de núcleo,** mentres que as outras poden executarse en niveis menos permisivos.
- **A capa de servizos ou chamadas ao sistema** ofrece aos programas uns servizos en forma dunha interface de programación ou **API (*Application Programming Interface*).** Dende o punto de vista dos programas, esta capa estende a funcionalidade da computadora, polo que adóitase dicir que **o SO ofrece unha máquina virtual estendida aos programas.** Desta forma facilítase a elaboración destes, posto que se apoian nas funcións que lle subministra o SO.
- **A capa de intérprete de mandatos ou *shell*** subministra unha interface ao través da cal o usuario pode dialogar de forma interactiva coa computadora. O *shell* recibe os mandatos ou ordes do usuario, os interpreta e, se pode, os executa. Dado que o *shell* adoita executarse no nivel de usuario, algúns autores consideran que non forma parte do SO.

O Sistema Operativo como xestor de recursos

Nunha computadora actual adoitan coexistir varios programas, do mesmo ou de varios usuarios, executándose simultaneamente. Estes programas compiten polos recursos da computadora, sendo o SO o encargado de arbitrar a súa asignación e uso. Como complemento á xestión de recursos, o SO debe garantir a protección duns programas fronte a outros e debe subministrar información sobre o uso que se fai dos recursos.

a) Asignación de recursos.

O SO encárgase de asignar os recursos aos programas en execución. Para isto, mantén unhas estruturas que lle permiten saber que recursos están libres e cales están asignados a cada programa. A asignación de recursos realízase segundo a dispoñibilidade dos mesmos e a prioridade dos programas, debéndose resolver os conflitos que aparecen polas peticións simultáneas.
Especial mención reviste a recuperación dos recursos cando os programas xa non os precisan. Unha mala recuperación de recursos pode facer que o SO considere, por exemplo, que xa non lle queda memoria dispoñible cando, en realidade, si a ten. A recuperación pódese facer porque o programa que ten asignado o recurso lle comunica ao SO que xa non o precisa ou ben porque o programa xa terminara.
Os recursos manexados polo SO son físicos e lóxicos. Entre os físicos atópase o procesador, a memoria principal e os periféricos. Entre os lóxicos se poden citar os arquivos e os portos de comunicación.

b) Protección.

O SO garantirá a protección entre os usuarios do sistema. Asegurará a confidencialidade da información e que uns traballos non interfiran con outros. Para conseguir este obxectivo impedirá que uns programas poidan acceder aos recursos asignados a outros programas.

c) Contabilidade.

A contabilidade permite medir a cantidade de recursos que, ao longo da súa execución, utiliza cada programa. Deste xeito pódese coñecer a carga de utilización que ten cada recurso e pódese imputar a cada usuario os recursos que utilizou. Cando a contabilidade se emprega só para coñecer a carga dos compoñentes do sistema denomínase normalmente **monitorización.**

O Sistema Operativo como unha máquina estendida

O SO ofrece aos programas un conxunto de servizos, ou chamados ao sistema, que poden solicitar cando o precisen, proporcionando aos programas unha de máquina estendida.

O sistema operativo, como máquina estendida, proporciona unha abstracción do hardware, permitindo unha visión sinxela do mesmo e ofrecendo uns servicios para manipulalo sen ter que coñecer os detalles concretos físicos.
O modelo de programación que ofrece o *hardware* compleméntase con estes servicios *software*, que permiten executar de forma cómoda e

protexida certas operacións. A alternativa consistiría en complicar os programas de usuario e en non ter protección fronte a outros usuarios.
Os servicios pódense agrupar nas catro clases seguintes: execución de programas, operacións de E/S, operacións sobre arquivos e detección e tratamento de erros.

a) Execución de programas.

O SO inclúe servizos para lanzar a execución dun programa, así como para parala ou abortala. Tamén existen servizos para coñecer e modificar as condicións de execución dos programas, para comunicar e sincronizar uns programas con outros.
A execución de programas da lugar ao concepto de proceso. **Un proceso pódese definir como un programa en execución.** O proceso é un concepto fundamental nos SOs, posto que o obxectivo último destes é crear, executar e destruír procesos, de acordo ás ordes dos usuarios.
Para que un programa poida converterse nun proceso terá que estar traducido a código máquina e almacenado nun dispositivo de almacenamento como o disco. Baixo a petición dun usuario, o sistema operativo creará un proceso para executar o programa.

b) Operacións de E/S.

Os servizos de E/S ofrecen unha grande comodidade e protección pois dan aos programas operacións de lectura, escritura e modificación do estado dos periféricos. En efecto, a programación das operacións de E/S é moi complexa e dependente do *hardware* específico de cada periférico. Os servizos do SO ofrecen un alto nivel de abstracción de forma que o programador de aplicacións non teña que preocuparse deses detalles.

c) Operacións sobre arquivos.

Os arquivos ofrecen un nivel de abstracción maior que o das ordes de E/S, permitindo operacións tales como creación, borrado, renomeado, apertura, escritura e lectura de arquivos.
Observe que moitos dos servizos son parecidos ás operacións de E/S e terminan concretándose neste tipo de operacións.

d) Detección e tratamento de erros.

Ademais de analizar detalladamente todas as ordes que recibe, para comprobar que se poden realizar, o SO encárgase de tratar todas as condicións de erro que detecte o *hardware*.
Entre as condicións de erro que poden aparecer destacaremos as seguintes: erros nas operacións de E/S, erros de paridade nos accesos a memoria ou nos buses e erros de execución nos programas, como desbordamentos, violacións de memoria, códigos de instrución prohibidos, etc.

O sistema operativo como interface de usuario

O módulo do SO que permite que os usuarios dialoguen de forma interactiva có sistema é o **intérprete de mandatos ou *shell*.** O *shell* compórtase como un un bucle infinito que está repetindo constantemente a seguinte secuencia:

1. Espera unha orde do usuario. No caso de interface textual, ou *shell* está pendente do que escribe o usuario na liña de mandatos. Nas interfaces gráficas (GUI) está pendente dos eventos do apuntador (rato) que manipula o usuario, ademais, dos do teclado.
2. Analiza a orde e, en caso de ser correcta, a executa, empregando os servizos do SO.
3. Concluída a orde volve á espera.

O diálogo mediante interface textual esixe que o usuario memorice a sintaxe dos mandatos, coa agravante de que son distintos para cada SO (por exemplo: para listar o contido dun arquivo en MS-DOS emprégase *type*, pero en UNIX emprégase o mandato *cat*). Por esta razón son mais populares os intérpretes de mandatos con interface gráfica, como o de WINDOWS, aínda que os administradores de sistemas seguen preferindo o intérprete de comandos e a súa automatización con *shell scripts*.

 Arquivos de Mandatos ou *Shell Scripts*

Case todos os intérpretes de mandatos poden executar arquivos de mandatos, estes arquivos inclúen varios mandatos dun xeito secuencial, ademais de funciones mais complexas. Ademais, poden incluír control de fluxo de execución, como poden ser sentencias *goto*, *for* e *if*, así como etiquetas para identificar liñas de mandatos. Para executar un arquivo de mandatos normalmente basta con invocalo de igual xeito que un mandato estándar do intérprete de comandos.

Compoñentes e estrutura do Sistema Operativo

O SO está formado por unha serie de compoñentes especializados en determinadas funcións. Cada SO estrutura estes compoñentes de forma distinta. Nesta sección descríbense, en primeiro lugar, os distintos compoñentes que conforman un SO, para pasar, a continuación, a ver as distintas formas que teñen os SO de estruturar estes compoñentes.

Compoñentes do Sistema Operativo

Como se comentou previamente e pode verse na seguinte figura, normalmente considérase que un SO está formado por tres capas: o núcleo, os servizos e o intérprete de mandatos ou *shell*.



- **O núcleo** é a parte do SO que se comunica directamente có *hardware* da máquina. As funcións do núcleo céntranse na xestión de recursos, como o procesador, tratamento de interrupcións e as funcións básicas de manipulación de memoria.
- **Os servizos** adóitanse agrupar segundo a súa funcionalidade en varios compoñentes, cada un dos cales se ocupa das seguintes funcións:

  - Xestión de procesos. Encargada da creación, planificación e destrución de procesos.
  - Xestión de memoria. Compoñente encargada de saber que partes da memoria están libres e cales ocupadas, así como da asignación e liberación de memoria segundo a necesiten os procesos.
  - Xestión da E/S. Ocúpase de facilitar o manexo dos dispositivos periféricos.
  - Xestión de arquivos e directorios. Encárgase do manexo de arquivos e directorios e da administración do almacenamento secundario.
  - Comunicación e sincronización entre procesos. Encargada de ofrecer mecanismos para que os procesos poidan comunicarse e sincronizarse.
  - Seguridade e protección. Este compoñente debe encargarse de garantir a identidade dos usuarios e de definir o que poden facer cada un deles cos recursos do sistema.

Todos estes compoñentes ofrecen unha serie de servizos a través dunha interface de chamadas ao sistema. Como pode verse na figura anterior, un SO pode incluír mais dunha interface de servizos (na figura anterior consideráronse as interfaces Win32 e POSIX). Neste caso, os programas poderán elixir sobre que interface queren executar, pero non poderán misturar servizos de varias interfaces. Dise, neste caso, que o SO presenta ao usuario varias máquinas virtuais.

De igual forma, o SO pode incluír varios intérpretes de mandatos, uns textuais e outros gráficos, podendo o usuario elixir o que mais lle interese. Con todo, hai que observar que non se poderán misturar mandatos de varios intérpretes.

Estrutura do Sistema Operativo

Un SO é un programa grande e complexo que está composto, tal e como vimos, por unha serie de compoñentes con funcións ben definidas. Cada SO estrutura estes compoñentes de distinta forma. En función desta estrutura pódense agrupar os SOs en dous grandes grupos: **sistemas operativos monolíticos** e **sistemas operativos estruturados**.

- **Sistemas operativos monolíticos.**

  Un SO deste tipo non ten unha estrutura clara e ben definida. Todos os seus compoñentes atópanse integrados nun único programa (o SO) que se executa nun único espacio de direccións. Neste tipo de Sistemas todas as funcións que ofrece o SO se executan en modo núcleo. Estes SOs xurdiron, normalmente, de SOs sinxelos e pequenos aos que se lles foron engadindo un número maior de funcionalidades. Isto

lles fixo evolucionar e crecer ata convertelos en programas grandes e complexos formados por moitas funcións situadas todas elas nun mesmo nivel. **Exemplos claros deste tipo de sistemas son MS-DOS, UNIX e Linux.** Ambos comezaron sendo pequenos SOs, que foron facéndose cada vez mais grandes debido á grande popularidade que adquiriron.
O problema que expón este tipo de sistemas radica no complicado que é modificar o SO para engadir novas funcionalidades e servizos. En efecto, engadir unha nova característica o SO implica a modificación dun gran programa, composto por miles de liñas de código fonte e funcións, cada unha das cales pode invocar a outras cando así o requira. Ademais, neste tipo de sistemas non se segue o principio de ocultación da información. Para solucionar este problema é necesario dotar de certa estrutura ao SO.

- **Sistemas operativos estruturados.**

Cando se quere dotar de estrutura a un SO, normalmente recórrese a dous tipos de solucións: **Sistemas por capas** e **Sistemas cliente-servidor**.

a) Sistemas por capas.
Nun sistema por capas, o SO organízase como unha xerarquía de capas, onde cada capa ofrece unha interface clara e ben definida á capa superior e só utiliza os servizos que lle ofrece a capa inferior.
A principal vantaxe que ofrece este tipo de estruturas é a modularidade e a ocultación da información. Unha capa non precisa coñecer como se implementou a capa sobre a que se constrúe, unicamente precisa coñecer a interface que ofrece. Isto facilita enormemente a depuración e verificación do sistema, posto que as capas pódense ir construíndo e depurando por separado.
Este enfoque utilizouno por primeira vez o SO **THE** [1968], un SO sinxelo que estaba formado por seis capas, como pode verse na figura seguinte. Outro exemplo de SO deseñado por capas é o **OS/2** [1994], descendente de **MS-DOS**.



b) Modelo cliente-servidor.
Neste tipo de modelo, o enfoque consiste en implementar a maior parte dos servizos e funcións do SO en procesos de usuario, deixando só unha pequena parte do SO executando en modo núcleo. A esta parte denomínase **micronúcleo** e aos procesos que executan o resto de funcións se lles denomina servidores. A figura seguinte presenta a estrutura dun SO con estrutura cliente-servidor. Como pode apreciarse na figura, o SO está formado por diversas partes, cada unha das cales pode desenrolarse por separado.



Non hai unha definición clara das funcións que debe levar a cabo un micronúcleo. A maioría inclúen a xestión de interrupcións, xestión básica de procesos e de memoria e servizos básicos de comunicación entre procesos. Para solicitar un servizo neste tipo de sistemas, como por exemplo crear un proceso, o proceso de usuario (proceso denominado cliente) solicítao ao servidor do SO correspondente, neste caso ao servidor de procesos. Á súa vez, o proceso servidor pode requirir os servizos de outros servidores, como é o caso do servidor de memoria. Neste caso, o servidor de procesos convertese en cliente do servidor de memoria.
A vantaxe deste modelo é a grande flexibilidade que presenta. Cada proceso servidor só se ocupa dunha funcionalidade concreta, o que fai que cada parte poida ser pequena e manexable. Isto, á súa vez, facilita o desenrolo e depuración de cada un dos procesos servidores.
En canto ás desvantaxes, citar que estes sistemas presentan unha maior sobrecarga no tratamento dos servizos que os sistemas monolíticos. Isto débese a que os distintos compoñentes dun SO deste tipo executan espazos de direccións distintos, o que fai que a súa activación requira mais tempo.
Minix [1998], **Mach** [1986] e **Amoeba** [1990] son exemplos de SOs que seguen este modelo. **WINDOWS NT**, **Windows 2000** e **XP** tamén seguen esta filosofía de deseño, aínda que moitos dos servidores (o xestor de procesos, xestor de E/S, xestor de memoria, etc.) execútanse en modo núcleo por razóns de eficiencia.

Procesos e fíos

Os procesos son unha das abstraccións mais antigas e importantes que proporcionan os SOs: proporcionan a capacidade de operar (*pseudo*) concorrentemente, incluso cando hai só unha CPU dispoñible. Converten unha CPU en varias CPUs virtuais. Sen a abstracción dos procesos, a computación moderna non podería existir.

Procesos

O proceso pódese definir como un programa en execución.

> Todo o *software* executable na computadora organízase en varios "procesos secuenciais". Así, un proceso non é mais que unha instancia dun programa en execución, incluíndo os valores actuais do contador de programa, os rexistros e as variables. En teoría, cada proceso ten a súa propia CPU virtual;

na realidade, a CPU real conmuta dun proceso a outro, pero para entender o sistema é moito mais fácil pensar nunha colección de procesos que se executan en *pseudo*-paralelo, en vez de tratar de levar a conta de como a CPU conmuta de programa en programa. Esta conmutación rápida dun proceso a outro coñécese como como "multiprogramación".

> **A diferencia entre un proceso e un programa é sutil pero crucial. A idea clave é que un proceso é unha actividade de certo tipo: ten un programa a seguir (o algoritmo), unha entrada, unha saída e un estado.** Varios procesos poden compartir un só procesador mediante o uso dun algoritmo de planificación para determinar cando se debe deter o traballo nun proceso para dar servizo a outro.
> O sistema operativo ofrece unha serie de servizos que permiten definir a vida dun proceso. Esta vida está constituída polas seguintes fases: **creación, execución e morte do proceso.**

Crear un proceso

Hai catro eventos principais que provocan a creación de procesos:

1. O arranque do sistema.
2. A execución, dende un proceso, dunha chamada ao sistema para creación de procesos.
3. Unha petición de usuario para crear un proceso.
4. O inicio dun traballo por lotes.

> Os procesos que permanecen en segundo plano para manexar certas actividades como correo electrónico, páxinas Web, novas, impresións, etc, coñécense como **demos (*daemons*)**. En UNIX/Linux podemos utilizar o programa *ps* para listar os procesos en execución, en Windows podemos empregar o *Administrador de Tarefas*.
> En todos estes casos, para crear un proceso hai que facer que un proceso existente execute unha chamada ao sistema de creación de procesos. Esta chamada ao sistema indica ao SO que cree un proceso e lle indica, directa ou indirectamente, que programa debe executalo.
> En UNIX/Linux só hai unha chamada ao sistema para crear un proceso: *fork*. Esta chamada crea un clon exacto do proceso que fixo a chamada. Despois de *fork*, os dous procesos (pai e fillo) teñen a mesma imaxe de memoria, as mesmas cadeas de entorno e os mesmos arquivos abertos.
> Polo contrario, en Windows unha soa chamada a unha función de Win32 (*CreateProcess*) manexa a creación de procesos e carga o programa correcto no novo proceso. Esta chamada ten 10 parámetros, que inclúen o programa a executar, os parámetros da liña de comandos para introducir datos a ese programa, varios atributos de seguridade, bits que controlan se os arquivos abertos se herdan,

información de prioridade, unha especificación da fiestra que se vai a crear para o proceso (se se vai crear unha) e un apuntador a unha estrutura onde se devolve ao proceso que fixo a chamada á información acerca do proceso recentemente creado. Ademais de *CreateProcess*, Win32 ten cerca de 100 funcións mais para administrar e sincronizar procesos e temas relacionados.
Tanto en Unix como en Windows, unha vez que se crea un proceso, o pai e o fillo teñen os seus propios espazos de direccións distintos.

Executar un proceso

Os procesos poden executarse de dúas formas: ***batch* e interactiva**.

- Un proceso que se executa en modo *batch*, tamén chamado *background*, deberá tomar os seus datos de entrada dun arquivo e logo depositar os seus resultados noutro arquivo.
- Un proceso que se executa en modo interactivo, recibe a información do usuario por un terminal polo que contesta cós resultados.

Terminación de procesos

Tarde ou cedo, todo proceso terminará. Polo xeral, os procesos terminan por un dos seguintes motivos:

1.- Saída normal (voluntaria).
A maioría dos procesos terminan debido a que concluíron o seu traballo. Cando un compilador terminou de compilar o programa que recibe, executa unha chamada ao sistema para indicar ao SO que terminou. Esta chamada é *exit* en UNIX e *ExitProcess* en Windows.
2.- Saída por error (voluntaria).
3.- Erro (involuntaria).
4.- Eliminado por outro proceso (involuntaria).
Pódese executar unha chamada ao sistema que indique ao SO que elimine outros procesos. En UNIX esta chamada é *kill*. A función correspondente en Win32 é *TerminateProcess*.

Implementación dos procesos

Para implementar o modelo de procesos, o SO mantén unha táboa chamada **táboa de procesos,** con só unha entrada por cada proceso (algúns autores chaman a estas entradas **bloques de control de procesos**). Esta entrada contén información importante acerca do estado do proceso, incluíndo o seu contador de programa, apuntador de pila, asignación de memoria, estado dos seus arquivos abertos, información de contabilidade e planificación, e todo o demais que debe gardarse acerca do proceso cando este cambia de estado "en execución" a "listo" ou "bloqueado", de maneira que se poida reiniciar posteriormente como se nunca se detivera.
A seguinte táboa mostra algúns campos clave nun sistema típico. Os campos na primeira columna relaciónanse coa administración de procesos; os outros dous se relacionan coa administración de memoria e arquivos, respectivamente. Hai que recalcar que os campos contidos na táboa de procesos varía dun sistema a outro, pero nesta táboa dásenos unha idea xeral do tipo de información precisa.

Administración de procesos	Administración de memoria	Administración de arquivos
Rexistros	Apuntador á información do segmento de texto	Directorio raíz
Contador do programa	Apuntador á información do segmento de datos	Directorio de traballo
Palabra de estado do programa	Apuntador á información do segmento de pila	Descritores de arquivos
Apuntador da pila		ID de usuario
Estado do proceso		ID de grupo
Prioridade		
Parámetros de planificación		
ID do proceso		
Proceso pai		
Grupo de procesos		

Administración de procesos	Administración de memoria	Administración de arquivos
Sinais Tempo de inicio do proceso Tempo utilizado da CPU Tempo da CPU utilizado polo fillo Hora da seguinte alarma		

Con cada clase de E/S hai unha localización asociada chamada **vector de interrupción.** Esta localización contén a dirección do procedemento do servizo de interrupcións.
Podemos ver, de xeito resumido, o manexo de interrupcións e a planificación de procesos:

1. O *hardware* mete o contador do programa á pila, etc.
2. O *hardware* carga o novo contador de programa do vector de interrupcións.
3. Procedemento en linguaxe ensamblador garda os rexistros.
4. Procedemento en linguaxe ensamblador establece a nova pila.
5. O servizo de interrupcións de C se executa (polo xeral lee e garda a entrada no búfer).
6. O planificador decide que proceso se vai a executar a continuación.
7. Procedemento en C regresa ao código de ensamblador.
8. Procedemento en linguaxe ensamblador inicia o novo proceso actual.

Cando o proceso remata, o SO mostra un carácter indicador e espera un novo comando. Cando recibe o comando, carga un novo programa en memoria, sobrescribindo o anterior.

Fíos

Nos SOs tradicionais, cada proceso ten un espazo de direccións e un só fío de control. Con todo, con frecuencia hai situacións nas que é conveniente ter varios fíos de control no mesmo espazo de direccións que se executan en *cuasi*-paralelo, como se fosen procesos (case) separados (excepto polo espazo de direccións compartido).

Uso de fíos

A principal razón de ter fíos é que en moitas aplicacións desenvólvense varias actividades á vez. Algunhas desas pódense bloquear de vez en cando. Ao descompoñer unha aplicación en varios fíos secuenciais que se executan en *cuasi*-paralelo, o modelo de programación simplifícase.

- A xustificación de ter procesos é a mesma que a de ter fíos. **Só que agora, cós fíos, agregamos a habilidade das entidades en paralelo de compartir un espazo de direccións e todos os seus datos entre elas.** Esta habilidade é esencial para certas aplicacións, razón pola que non funcionará o ter varios procesos (cós seus espazos de direccións separados).
- Un segundo argumento para ter fíos é que, como **son mais lixeiros que os procesos,** son mais fáciles de crear (mais rápido) e destruír. En moitos sistemas, a creación dun fío é de 10 a 100 veces mais rápida que a dun proceso. Cando o número de fíos necesarios cambia de maneira dinámica e rápida, é útil ter esta propiedade.
- Unha terceira razón de ter fíos é tamén un argumento relacionado có rendemento. Os fíos non producen un aumento no rendemento cando todos eles están ligados á CPU, pero cando hai unha cantidade considerable de cálculos e **operacións de E/S, ao ter fíos estas actividades poden solaparse,** có que se axiliza a velocidade da aplicación.
- A cuarta e última razón é que **os fíos son moi útiles en sistemas con varias CPUs** onde, gracias a eles, é posible conseguir o verdadeiro paralelismo.

Planificación

Cando un ordenador se multiprograma, con frecuencia ten varios procesos ou fíos que compiten pola CPU ao mesmo tempo. Se só temos unha CPU dispoñible, hai que decidir que proceso se vai a executar a continuación. A parte do SO que realiza esta decisión coñécese como **planificador de procesos** e o algoritmo que utiliza coñécese como **algoritmo de planificación.**

Moitas das cuestións que se aplican á planificación de procesos tamén se aplican á planificación de fíos, aínda que algunhas son distintas. Cando o *kernel* administra fíos, polo xeral a planificación lévase a cabo por fío, e importa moi pouco (ou nada) a que proceso pertence ese fío.

Dividiremos os algoritmos de planificación atendendo a tres contornas distintas:

1. **Procesamento por lotes.** Nestes sistemas non hai usuarios que esperen unha resposta rápida á súa petición. Polo tanto, son aceptables os algoritmos non apropiativos. Este método reduce a conmutación de procesos e polo tanto, mellora o rendemento. Nesta contorna búscase mellorar o rendemento (maximizando o número de traballos por hora), diminuír o tempo de retorno (minimizando o tempo entre a entrega e a terminación) e manter ocupada a CPU todo o tempo.
2. **Interactivo.** Nesta contorna é preciso evitar que un proceso acapare a CPU e negue o servizo ás demais. Búscase que se responda ás peticións coa maior rapidez posible e así cumprir as expectativas dos usuarios.
3. **De tempo real.** Nestes sistemas búscase evitar, sobre todo, a perda de datos e evitar a degradación da calidade nos sistemas multimedia.

Planificación en sistemas de procesamento por lotes

- **Primeiro en entrar, primeiro en ser atendido (FCFS,*First-Come, First-Served*).**

Trátase dun algoritmo "non apropiativo". Con este algoritmo, a CPU asígnase aos procesos na orden na que a solicitan. Ningún proceso se interrompe debido a que se executa durante moito tempo.

- **O traballo mais curto primeiro.**

Tamén é un algoritmo non apropiativo, pero neste caso suponse que os tempo de execución coñécense de antemán. Cando hai varios traballos de igual importancia esperando a seren iniciados na cola de entrada, o planificador selecciona **o traballo mais curto primeiro (SJF, *Shortest Job First*).**

- **O menor tempo restante a continuación.**

Unha versión do algoritmo do tipo "o traballo mais curto primeiro" é **o menor tempo restante a continuación (SRTN, *Shortest Remaining Time Next*).** Con este algoritmo, o planificador sempre selecciona o proceso cuxo tempo restante de execución sexa o mais curto. Se o novo traballo precisa menos tempo para terminar que o proceso actual, este se suspende e o novo traballo se inicia.

Planificación en sistemas interactivos

- **Planificación por quenda circular (*round-robin*).**

A cada proceso se lle asigna un intervalo de tempo, coñecido como ***quántum***, durante o que se lle permite executarse. Se o proceso segue executándose ao final dese tempo, a CPU é apropiada para darlla a outro proceso. Se o proceso se bloquea ou remata antes de que remate o tempo, a conmutación da CPU realízase cando iso ocorre. O tempo do ***quántum*** é unha cuestión interesante: se é demasiado curto, prodúcense demasiadas conmutacións entre procesos e se reduce a eficiencia da CPU, pero si se establece demasiado longo pódese producir unha mala resposta ás peticións interactivas curtas. Normalmente, o ***quántum*** ten unha duración de entre 20 e 50 mseg.

- **Planificación por prioridade.**

A cada proceso se lle asigna unha prioridade e o proceso executable coa prioridade mais alta é o que se pode executar. Para evitar que os procesos con alta prioridade se executen de xeito indefinido, o planificador pode reducir a prioridade do proceso actual en execución en cada pulso de reloxo.

- **O proceso mais curto a continuación.**
- **Planificación garantida.**
- **Planificación por sorteo.**
- **Planificación por partes equitativas.**

Planificación en sistemas de tempo real

Nun sistema de **tempo real**, o tempo desempeña un papel esencial. Polo xeral, un ou mais dispositivos físicos externos á computadora xeran estímulos e esta debe reaccionar de maneira apropiada a eles dentro de certo espazo de tempo.

En xeral, os sistema de tempo real categorízanse como de **tempo real duro**, o que significa que hai tempos límite absolutos que se deben cumprir, e como de **tempo real suave**, o que significa que non é axeitado saírse dese tempo a cumprir pero si é tolerable. En ambos casos, o comportamento en tempo real acádase dividindo o programa en varios procesos, onde o comportamento de cada un destes é predicible e coñécese de antemán e teñen un tempo de vida curto.

Os algoritmos de planificación en tempo real poden ser **estáticos** e **dinámicos**. Os primeiros toman as súas decisión antes de que o sistema comece a executarse. Os segundos o fan durante o tempo de execución.

Administración de memoria

O xestor de memoria é un dos compoñentes principais do sistema operativo. Encárgase de:

- Asignar memoria aos procesos e liberala cando o requiran.
- Permitir que os procesos poidan compartir memoria entre eles, e así comunicarse.
- Xestionar a xerarquía de memoria.

Ademais destas funcións, o xestor de memoria, na categoría de servizos aos programas subministra os seguintes servizos: o de solicitar memoria, o de liberala e o de permitir que os procesos compartan memoria.

Existen varios esquemas de administración de memoria, que varían dende moi simples ata moi sofisticados.

Sen abstracción de memoria

É, sen dúbida, a abstracción mais simple de memoria. As primeiras computadoras non tiñan abstracción de memoria. Cada programa vía simplemente a memoria física, polo que nos sistemas que se organizan deste xeito, polo xeral, só poden executar un proceso de cada vez.

Un xeito de obter certo grao de paralelismo nun sistema sen abstracción de memoria, é programar con múltiples fíos. Como se supón que todos os fíos nun proceso ven a mesma imaxe de memoria, o feito de que se vexan obrigados a facelo non é un problema. Aínda que esta idea funciona, é de uso limitado xa que moitas veces deséxase que programas "non relacionados" se executen ao mesmo tempo, algo que a abstracción sen fíos non proporciona.

Unha abstracción de memoria: espazos de direccións

Un **espazo de direccións (*address space*)** é o conxunto de direccións que pode utilizar un proceso para direccionar a memoria. Cada proceso ten o seu propio espacio de direccións, independentemente dos que pertencen a outros procesos (excepto en certas circunstancias especiais onde os procesos desexan compartir os seus espazos de direccións).

Unha tarefa difícil para os SOs é proporcionar a cada programa o seu propio espacio de direccións. Sobre todo, tendo en conta que a cantidade de memoria necesaria para executar todos os procesos requiridos é, normalmente, maior que a cantidade de memoria existente:

 Intercambio

Esta estratexia consiste en levar cada proceso completo a memoria, executalo durante certo tempo e despois devolvelo a disco. En contraposición coa estratexia denominada **Memoria virtual,** que permite que os programas se executen, incluso, cando só se atopan en forma parcial na memoria.

Memoria virtual

A idea básica deste método é que cada programa ten o seu propio espazo de direccións, que se divide en anacos chamados **páxinas**. Cada páxina é un rango contiguo de direccións. Estas páxinas asócianse á memoria física, pero non todas teñen que estar na memoria física para poder executar o programa. Cando o programa fai referencia a unha parte do seu espazo de direccións que está na memoria física, o *hardware* realiza a asociación necesaria ao instante. Cando o programa fai referencia a unha parte do seu espazo de direccións que non está na memoria física, o SO recibe unha alerta para buscar a parte que falta e volver a executar a instrución que faiou.

- **Paxinación.**

  Cando un programa se executa xera unha serie de direccións coñecidas como **direccións virtuais** e que forman o **espazo de direccións virtuais**. Nos equipos sen memoria virtual, a dirección física colócase directamente no bus de memoria e fai que se lea ou escriba a palabra de memoria física coa mesma dirección. Cando se utiliza memoria virtual, as direccións virtuais non van directamente ao bus de memoria. En vez disto, van a unha **MMU (*Memory Management Unit*, Unidade de administración de memoria)** que asocia as direccións virtuais ás direccións de memoria físicas.
  O espazo de direccións virtuais divídese en unidades de tamaño fixo chamadas páxinas. As unidades correspondentes na memoria física chámanse **marcos de páxina**. As páxinas e os marcos de páxina son, polo xeral, do mesmo tamaño (de 512B a 64KiB). As transferencias entre a RAM e o disco sempre son en páxinas completas.

- **Táboas de páxinas.**

Nunha implementación simple, a asociación de direccións virtuais a direccións físicas pódese resumir do seguinte xeito: a dirección virtual divídese nun número de páxina virtual (bits de maior orden) e nun desprazamento (bis de menor orden). Por exemplo, cunha dirección de 16 bits e un tamaño de páxina de 4KiB, os 4 bits superiores poderían especificar unha das 16 páxinas virtuais e os 12 bits inferiores poderían entón especificar o desprazamento de bytes (0 a 4095) dentro da páxina seleccionada. Non obstante, tamén é posible unha división con 3, 5 ou outro número de bits para a páxina. As distintas divisións implican diferentes tamaños de páxina.

Xestión de Entrada/Saída

Unha das principais funcións dun SO é a xestión dos recursos da computadora e, en concreto, dos dispositivos periféricos. O xestor de E/S debe controlar o funcionamento de todos os dispositivos de E/S para acadar os seguintes obxectivos:

- Facilitar o manexo dos dispositivos periféricos. Para isto debe ofrecer unha interface sinxela, uniforme e fácil de empregar entre os dispositivos, e xestionar os erros que se poden producir no acceso aos mesmos.
- Ofrecer mecanismos de protección que impidan aos usuarios acceder sen control aos dispositivos periféricos.

Principios do *hardware* de E/S

- **Dispositivos de E/S**

  Os dispositivos de E/S pódense dividir basicamente en dúas categorías:

  - Dispositivos de bloque: Os dispositivos de bloque almacenan información en bloques de tamaño fixo, cada un coa súa propia dirección. Os tamaños de bloque comúns varían dende 512 bytes ata 32.768 bytes. Todas as transferencias realízanse en unidades de un ou mais bloques completos (consecutivos). A propiedade esencial dun dispositivo de bloque é que é posible ler ou escribir cada bloque de maneira independente dos demais. Os discos duros, CD-ROMs e memorias USBs son dispositivos de bloque comúns. As cintas tamén se consideran dispositivos de bloque, pero non de acceso aleatorio.
  - Dispositivos de carácter: Un dispositivo de carácter envía ou acepta fluxo de caracteres, sen importar a estrutura do bloque. Non é direccionable e non ten ningunha operación de busca. As impresoras, interfaces de rede, os ratos e a maioría dos demais dispositivos que non son parecidos aos discos pódense considerar como dispositivos de carácter.

- **Controladores de dispositivos**

  Polo xeral, as unidades de E/S consisten nun compoñente mecánico e un compoñente electrónico. O compoñente electrónico dun dispositivo chámase **controlador do dispositivo** ou **adaptador**. Nos PCs, comunmente teñen a forma dun chip na tarxeta principal ou unha tarxeta de circuíto integrado.

- **E/S por asignación de memoria**

  Cada controlador ten uns cantos rexistros que se utiliza para comunicarse coa CPU. Ao escribir neles, o SO pode facer que o dispositivo envíe ou acepte datos, se acenda ou se apague, ou realice calquera outra acción.
  Ademais dos rexistros de control, moitos dispositivos teñen un *buffer* de datos que o SO pode ler e escribir.
  De todo isto xorde a cuestión acerca de como se comunica a CPU cós rexistros de control e os *búferes* de datos dos dispositivos. Existen dúas alternativas:

  - O primeiro método, a cada rexistro de control se lle asigna un número de **porto de E/S**, un enteiro de 8 ou 16 bits. O conxunto de todos os portos de E/S forma o **espazo de portos de E/S** e está protexido de maneira que os programas de usuario ordinarios non poidan utilizalos (só o SO).
  - O segundo método é asignar todos os rexistros de control ao espazo de memoria. A cada rexistro de control se lle asigna unha dirección de memoria única á cal non hai memoria asignada. Este sistema coñécese como **E/S con asignación de memoria** (*mapped-memory*). Polo xeral, as direccións asignadas atópanse na parte superior do espazo de direccións.

- **Acceso directo a memoria (DMA)**

  Sen importar que unha CPU teña ou non E/S por asignación de memoria, necesita direccionar os controladores de dispositivos para intercambiar datos con eles. A CPU pode solicitar datos dun controlador de E/S un bit á vez, pero ao facelo desperdíciase o tempo da CPU, polo que a miúdo se utiliza un esquema distinto, coñecido como *DMA (Acceso Directo a Memoria)*. Cando se traballa en modo DMA a transferencia dos datos non é procesada polo micro senón por un procesador específico chamado "controlador DMA". O SO só pode utilizar DMA se o *hardware* ten un controlador DMA.

- **Interrupcións**

Cando un dispositivo de E/S rematou un traballo que se lle asignou, produce unha interrupción. Para iso, impón un sinal nunha liña de bus que se lle asignara. Esta sinal é detectada polo chip controlador de interrupcións na tarxeta principal, que despois decide o que debe facer. O sinal de interrupción fai que a CPU deixe o que está facendo e empece a facer outra cousa. O número nas liñas de dirección utilízase como índice nunha táboa chamada *vector de interrupcións* para obter un novo contador do programa, que apunta ao inicio do procedemento de servizo de interrupcións correspondente.

Fundamentos do *software* de E/S

Dende o punto de vista do SO pódese realizar a E/S das seguintes formas:

- **Obxectivos do *software* de E/S**

Un concepto clave no deseño do *software* de E/S coñécese como **independencia de dispositivos**. O que significa é que debe ser posible escribir programas que poidan acceder a calquera dispositivo de E/S sen ter que especificar o dispositivo por adiantado.
Un obxectivo moi relacionado coa independencia dos dispositivos é a **denominación uniforme**. O nome do arquivo ou dispositivo simplemente debe ser unha cadea ou un enteiro sen depender do dispositivo de ningunha forma.
Outra cuestión importante relacionada có *software* de E/S é o **manexo de erros**.
Outra cuestión clave é a das transferencias **síncronas** (de bloqueo) contra as **asíncronas** (controladas por interrupcións). A maioría das operacións de E/S son asíncronas: a CPU inicia a transferencia e vaise facer algo mais ata que chega a interrupción. Os programas de usuario son moito mais fáciles de escribir se as operacións de E/S son de bloqueo: despois dunha chamada ao sistema *read*, o programa se suspende de maneira automática ata que existan datos dispoñibles no *buffer*. Así que, o SO fai que as operacións que en realidade son controladas por interrupcións parezan de bloqueo para os programas de usuario.
O uso de ***buffer***.
